



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|--|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2016/17 |
| Asignatura (*) | Prevenção e Xestión de Riscos Laborais I | Código | 660G01023 | |
| Titulación | Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (Coruña) | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuatrimestre | Terceiro | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | CastelánGalegoInglés | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | | | | |
| Coordinación | Varela Porteiro, Lucía | Correo electrónico | lucia.varela.porteiro@udc.es | |
| Profesorado | Romaní de Gabriel, María Varela Porteiro, Lucía | Correo electrónico | mromani@udc.es lucia.varela.porteiro@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Proporcionar unha visión completa e actualizada sobre as condicións de traballo e os aspectos técnicos e legais da prevención de riscos laborais na empresa e a súa influencia sobre o individuo. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | Marco normativo regulador das relacións laborais. |
| A2 | Marco normativo regulador da Seguridade Social e da protección social complementaria. |
| A3 | Saúde laboral e prevención de riscos laborais. |
| A5 | Políticas sociolaborais. |
| A14 | Seleccionar e xestionar información e documentación laboral. |
| A22 | Planificación e deseño, asesoramento e xestión dos sistemas de prevención de riscos laborais. |
| A31 | Aplicar os coñecementos á práctica. |
| B1 | Resolución de problemas. |
| B2 | Capacidade de análise e síntese. |
| B3 | Capacidade de organización e planificación. |
| B6 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional. |
| B9 | Traballo en equipos. |
| B12 | Motivación para a calidade. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---------------------------|---|-----|-------------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | | | Competencias / Resultados do título |
| A1 | Marco normativo regulador das relacións laborais. | A1 | |
| A2 | Marco normativo regulador da Seguridade Social e da protección social complementaria. | A2 | |
| A3 | Saúde laboral e prevención de riscos laborais. | A3 | |
| A5 | Políticas sociolaborais. | A5 | |
| A14 | Seleccionar e xestionar información e documentación laboral. | A14 | |
| A22 | Planificación e deseño, asesoramento e xestión dos sistemas de prevención de riscos laborais. | A22 | |
| A31 | Aplicar os coñecementos á práctica | A31 | |
| B1 | Resolución de problemas. | | B1 |
| B2 | Capacidade de análise e síntese | | B2 |
| B3 | Capacidade de organización e planificación | | B3 |
| B6 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional | | B6 |
| B9 | Traballo en equipos. | | B9 |



| | | | |
|---|--|-----|----|
| B12 Motivación para a calidade. | | B12 | |
| C7 Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. | | | C7 |

| Contidos | |
|--|---|
| Temas | Subtemas |
| TEMA 1: Introducción e conceptos básicos. | Condições de traballo e saúde. Conceptos básicos. Ambiente de traballo. Factores de risco laboral. Patoloxía do traballo. Técnicas de prevención de riscos: prevención e protección. Desenvolvemento histórico da prevención de riscos laborais |
| TEMA 2.- Fontes normativas sobre seguridade e saúde. | Marco normativo sobre seguridade e saúde laboral a nivel nacional, Unión Europea e Internacional. Actos regulatorios. Marco competencial das administracións e organismos públicos. |
| TEMA 3: A Lei de Prevención de Riscos Laborais. | Obxectivo e análise. Dereitos e obrigacións. Responsabilidades e sancións. |
| TEMA 4: Real Decreto dos Servizos de Prevención. | Organización e xestión da prevención na Empresa. Plan de prevención. Avaliación de riscos e Planificación. Os servizos de prevención, implantación, requisitos e control. Auditorías. |
| Tema 5: A Avaliación de Riscos Laborais. | Definición e Obxectivos. Fases da Avaliación. Tipos de Avaliación. Avaliación Xeral dos riscos laborais. |
| TEMA 6: Accidente de traballo. | Accidente de traballo. Definición e clasificación. Causas dos accidentes. Seguridade no traballo e as súas técnicas. Introducción á estatística de accidentes: clasificación e índices estatísticos. |
| TEMA 7: Xestión de accidentes. | Notificación e rexistro de accidentes. Investigación de accidentes. |
| TEMA 8: Risco de incendio. | Risco de incendio. Conceptos xerais. Efecto sobre a saúde. Prevención do incendio. Detección e alarma. Equipos e medios de extinción. Normativa legal. |
| TEMA 9: Xestión das emerxencias | Plan de emerxencia e autoprotección. Características organizativas e funcionais. Documentación PRL. Normativa. |

| Planificación | | | | |
|---------------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A1 A2 A3 A5 A22 B6 C7 | 20 | 50 | 70 |
| Estudo de casos | A23 A31 B1 B2 B9 | 20 | 10 | 30 |
| Lecturas | A14 | 5 | 4 | 9 |
| Proba obxectiva | B3 B5 | 2 | 25 | 27 |
| Prácticas a través de TIC | B12 | 10 | 0 | 10 |
| Atención personalizada | | 4 | 0 | 4 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|---------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | Clases expositivas con apoio de medios audiovisuais e intervención directa do alumnado. |
| Estudo de casos | Análise de supostos prácticos como complemento dos contidos teóricos expostos nas sesións maxistras con inclusión de casuísticas actuais relacionadas cos riscos laborais. |
| Lecturas | Procura e análise de artigos e/ou noticias relacionados coa materia. |
| Proba obxectiva | Exame final onde o alumno reflicte os coñecementos adquiridos da materia. |
| Prácticas a través de TIC | Orientar na procura, selección e recompilación de información por Internet e análise de contidos por grupos. |



Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|-----------------|---|
| Estudo de casos | <p>Exporanse situacións concretas sobre prevención de riscos laborais, incitando ao debate activo e dinámico das distintas propostas que os alumnos vaian expondo, co obxectivo de alcanzar conclusións sobre as cuestións expostas.</p> <p>Analizaranse aspectos normativos sobre a lexislación laboral para conseguir que o alumno estableza os seus propios criterios valoración e obxectivos de interpretación normativa.</p> <p>Exposición dos contidos con aplicación de medios audiovisuais.</p> <p>Análise de supostos prácticos como complemento dos contidos teóricos expostos nas sesións maxistras.</p> |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|-----------------|---------------------------|---|---------------|
| Estudo de casos | A23 A31 B1 B2 B9 | Valoración das achegas dos estudantes tanto nos equipos de traballo como na realización de casos prácticos individuais. Así como intervencións dos alumnos no desenvolvemento das clases. | 20 |
| Proba obxectiva | B3 B5 | Proba obxectiva combinando a modalidade tipo test e preguntas a desenvolver polo alumno. | 80 |

Observacións avaliación

Será imprescindible obter o 50% da cualificación correspondente a cada un dos apartados a avaliar para que se sumen as diferentes metodoloxías de cara a obter unha nota media final. De non conseguir o mínimo esixido nalgunha das metodoloxías, o alumno non superará a materia. Neste caso, a avaliación constará suspensa na convocatoria ordinaria e poderá volver examinarse na oportunidade de xullo, onde a metodoloxía de avaliación será unha única proba obxectiva por valor do 100 % da cualificación, versando tanto sobre contidos teóricos como prácticos do programa.

Como alternativa, aqueles alumnos que non poida facer un normal seguimento da asignatura, poderá optar por examinarse do 100% da súa cualificación por medio dunha proba obxectiva final. De non conseguir o 50% do total da nota nesa proba, a avaliación constará suspensa na convocatoria ordinaria e poderá volver examinarse na oportunidade de xullo, onde a metodoloxía de avaliación será unha única proba obxectiva por valor do 100% da cualificación, versando tanto sobre contidos teóricos como prácticos do programa.

Todos os alumnos farán constar de forma visible na súa ficha de alumno si optan por AVALIACIÓN CONTINUA ou EXAME FINAL. De non constar expresamente, ou non entregar a ficha nos quince días posteriores ao comezo do curso académico, entenderase que optan polo EXAME FINAL. A elección é definitiva e irreversible para a convocatoria en curso.

As adaptacións curriculares para estudantes con discapacidade ou con necesidades educativas específicas serán pautadas pola Comisión de docencia do centro, previo informe do servizo de orientación e prácticas.

Fontes de información



| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none">- Juan LÓPEZ GANDÍA, José Francisco BLASCO LAHOZ (2015). Curso de prevención de riesgos laborales. Tirant lo Blanch- Cayetano NÚÑEZ GONZÁLEZ, Federico Estardid Colom (2015). Marco normativo y gestión de la prevención de riesgos laborales. Tirant lo Blanch- Isabel Mª Martínez Martínez, Antonio CARDONA LLORENS, Raúl Chilet Pérez, Guillermo GARCÍA GONZÁLE (2013). Casos prácticos de prevención de riesgos laborales. Tirant lo Blanch- José Luis Llorca Rubio, Yolanda Lozano Cádiz, Antonio Moreno Martínez, Mª Carmen Salcedo Beltrán, (2012). Prevención de riesgos laborales: Instrumentos de aplicación.. Tirant lo Blanch- Alberto Valdés Alonso (2013). Responsabilidad social de la empresa y las relaciones laborales. Tirant lo BlanchCortés Díaz, José María. 2007. Técnicas de prevención de riesgos laborales. Ed. Tebar. Libro. Espeso Santiago, José Avelino. 2009. Manual para la formación de técnicos en prevención de riesgos laborales. Ed. lex Nova. Libro. González Biedma, Eduardo. 2009. Legislación sobre seguridad y salud en el trabajo. Ed. Tecnos. Libro. Seguridad en el trabajo: Manual para la formación del especialista. José Avelino Espeso Santiago. Ed. Lex Nova. Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el trabajo. www.insht.es. Web. Ministerio de Trabajo e Inmigración. www.mtin.es. Web. Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral. www.issga.es. Web. Agencia Europea de Seguridad y Salud en el Trabajo. www.osha.europa.eu. Web. Comisión Europea. www.ec.europa.eu. Web Organización Internacional del Trabajo. www.ilo.org. Web. Organización Mundial de la Salud. www.ilo.int. Web. |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Dereito da Seguridade Social I/660G01021

Dereito do Traballo I/660G01011

Materias que continúan o temario

Dereito do Traballo II/660G01012

Dereito da Seguridade Social II/660G01022

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías